

CATRO PEDRAS VELLAS

Pere Tobaruela



BAÍA EDICIÓN S

*Para Alfredo Morono,
memoria viva do noso*

A contorna de Vilar de Abade é solitaria, e hai lugares bastante agochados onde pasan meses sen que vaia ninguén. Algunhas paraxes un pouco afastadas da aldea teñen fama de ser as máis esgrevias da comarca.

A unha certa distancia de Vilar de Abade hai un castro rodeado de toxearas, coma moitos outros, e coma moitos outros é difícil dar con el se non o coñeces. Aínda mantén vestixios da súa importancia pasada, con restos dunha muralla de defensa que, cando foi levantada séculos atrás, era maciza e desafiaba con arrogancia a lei da gravidade enriba da aba. Ademais, e isto non o sabe apenas ninguén, a visita a este castro permite percorrer antigos corredores subterráneos.

Abocado a un proceso de ruína sen fin, a xente do lugar sempre pensou que o castro non era máis que catro pedras vellas.

En tempos, moitas daquelas pedras vellas foron usadas para refacer casas e levantar alpendres e outras construcións rurais.

A cuadrilla

Xela, Fuco, Ana e mais Carlos coñecéron-se en Vilar de Abade un mes de agosto. Aquel verán Xela tiña 15 anos, Fuco e Ana 12 e Carlos 11. Todos eles tiñan familia na aldea.

Fuco e seus pais vivían en Ourense e ían a Vilar de Abade, á casa dunha curmá da nai, algúns domingos ao ano. Porén, aquel agosto instaláronse na aldea todo o mes.

Ana e seu irmán Carlos vivían en Lugo e tamén foran pasar ese agosto alí. Seus pais acababan de separarse e o pai levounos á aldea, á casa dunha tía.

Xela vivía en Vilar de Abade cos seus avós. Seus pais morreran nun accidente de tráfico cando ela tiña uns meses. Con 15 anos era unha excelente coñecedora de todos os recunchos da contorna da aldea. Desde nena interesouse por todo aquilo que a rodeaba: os nomes dos paxaros, os recordos de feitos remotos, anécdotas increíbles. Tanto se podía atopar a Xela contem-

plando a paisaxe no cumio máis alto de Vilar de Abade como axudando na leira ao seu avó, como escoitando incansable as historias que debullaba a xente máis vella da aldea mentres tomaba o sol a carón da Fonte da Mixerica.

Aquel mes de agosto, Xela, Fuco, Ana e mais Carlos acabaron formando unha cuadrilla. Como se caeron tan ben, aos poucos días de coñecérense os catro parecían amigos de toda a vida.

Xela estaba máis que satisfeita ante a posibilidade de ofrecerlles aos seus novos amigos aquilo que a maior parte de días do ano só podía gozar en solitario: os lugares favoritos de Vilar de Abade e do seu termo. Faltoulle tempo para mostrarlles con todo detalle e poñelos en antecedentes de cada curruncho singular da aldea: o Campo das Cordas, a Toxeira da Pía, O Sidreiro... Cada curruncho, por insignificante que parecese, tomaba unha vida insospeitada aos ollos de Xela.

Fuco, Ana e Carlos estaban encantados por atoparen unha amiga así.

No miradoiro

Unha tarde, os catro amigos saíron pasear polas aforas da aldea. Animados na conversa, case sen decatárense, chegaron a un cumio. O ceo era dun azul intenso, e estaba salpicado con nubes altas. A atmosfera tiña unha transparencia especialmente intensa e desde alí dominábase case toda a bisbarra.

—Impresionante! —exclamou Fuco ante aquela paisaxe que tiña literalmente aos seus pés.

Ana e seu irmán tamén quedaron pampos. Verdadeiramente, aquel promontorio, a pesar de non ser moi elevado, era un excelente miradoiro. Pagara a pena ir, pensou Fuco dominado por unha sensación de plenitude que facía que se sentise ben polo simple feito de estar alí arriba.

—Como xa coñeces un pouco a aldea, tiña ganas de traervos ata aquí —dixo Xela—. Para min é unha das mellores atalaias da zona...

Estamos no Alto dos Dous Homes. Disque desde este cumio se vixiaba a chegada dos viquingos pola ría de Arousa... Aqueles cumios máis elevados son A Cabana e o Monte de Santa Cecía. Esoutras elevacións máis baixiñas, sonvos o Alto do Berce e o Coto dos Mozos...

—Xela! E aquilo que se ve por alí, que é? —interrompeuna Carlos, sinalando un punto concreto no horizonte.

—Ah, xa o descubriches... Aquilo é O Castro da Moura.

Fuco e Ana tamén miraron na dirección que sinalaba o dedo de Carlos.

Alá ao fondo, nun punto vago, por riba do mar de eucaliptos, iluminada polas últimas luces do sol, aparecía a silueta dunha muralla desfeita, enriba dun promontorio e emerxendo do verde que tinxía as terras dos arredores. A imaxe, desde aquela distancia, non era moi nítida.

—Xela, has ensinarnos ese castro. Gustaríame ir coñecelo de preto —dixo Ana.

—Si, si, imos! —sumouse Carlos.

Xela non puxo pégas por ir explorar aquelas ruínas.



—Pero unha saída así non se pode improvisar. Imos baixando, que xa escurece, e falamos —dixo cun sorriso nos beizos.

Empezaron a facer plans mentres emprendían o descenso cara á aldea. E para botarlle un chisco de pementa a aquela excursión, Xela díxolles aos seus compañeiros que, en canto chegasen ao castro, daría a coñecer unha serie de cousas que fora descubriendo sobre o lugar despois dun tempo de investigacións pola súa conta. Ata aquel momento actuara con toda discreción. Agora, no entanto, tiña uns amigos con quen podía compartir as súas matinacións. Detectara diferentes feitos que pensaba que podían pescudar os catro xuntos.

Ana, Carlos e Fuco rogáronlle que avanzase algo. Pero ela non cedeu ante a insistencia dos seus amigos.

—Tede paciencia, todo no seu momento —limitouse a dicir.

A espera

Aandaina que tiña que levar a cuadrilla ata O Castro da Moura non era un simple paseo. Como ben sabía Xela, para chegar había que baixar e subir seguido, pasar por camiños cunha chea de bifurcacións e pouco frecuentados. E ás veces ateigados de toxos e silvas. Era unha ruta un chisco complicada e relativamente longa. Por todo isto, decidiu levar a cabo aquela excursión cando os seus compañeiros estivesen un pouco adestrados.

Aínda que Carlos, Ana e Fuco turraron por ir o antes posible, aprazaron a saída ao castro unha semana. Durante aquel tempo, Xela levounos por aquí e por acolá para preparalos. Coñeceron a fondo moitos dos lugares máis próximos de Vilar de Abade. Cunha guía tan entusiasta e observadora, chegou un momento que sabían bastantes cousas da aldea e da contorna.

Por fin, chegou a noticia que esperaban.

—Falade na casa a ver se mañá vos deixan vir de excursión comigo —anuncioulles Xela.

Carlos, Ana e Fuco miráronse cheos de entusiasmo.

Sen máis, foron ata as súas respectivas casas. En media hora estaban outra vez xuntos. Non lles custara convencer ás súas familias. Total, só era unha excursión e á noitiña estarían de volta. Os pais de Carlos, Ana e Fuco sabían que Xela era unha rapaza responsable e coñecía a zona mellor cá palma da man. Por riba, levaría móbil para estaren localizados todo o tempo.

A lúa xa se divisaba no ceo. Sen perder nin un minuto, despedíronse ata o día seguinte. Quedaron cedo e había que ir preparar a mochila e deitarse para descansar.